

COPA GALEGA BENXAMÍN

Tempada 2024/25. Circular 24-21.

1. Organización, datas e sedes

1. Na Copa Galega Benxamín poderán participar todos os clubs clasificados entre os 24 primeiros da clasificación total da Liga Galega Benxamín.
2. Os clubs distribuiranse en dous grupos. Un primeiro grupo cos 12 primeiros clubs, e outro grupo cos 12 clubs que ocupan os postos do 13º ao 24º.
3. Celebrarase na data establecida no calendario de natación.
4. Para a designación das sedes terán preferencia os equipos clasificados no primeiro posto da Liga Galega Benxamín de cada grupo, sempre que a instalación cumpra un mínimo de condicións.
5. As probas realizaranse en dúas sesións, unha de mañá e outra de tarde. As sesións de mañá comezarán ás 10:00 horas e as de tarde as 17:00 horas. Este horario poderase modificar en función do número de participantes.
6. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes hora e media antes do comezo de cada sesión, e terán dereito a quentar até 10 minutos antes do comezo da sesión.

2. Programa de probas

1ª Sesión	2ª Sesión
1. 200 m Libre Masculino 2014	10. 200 m Estilos Masculino 2014
2. 200 m Libre Feminino 2014	11. 200 m Estilos Feminino 2014
3. 50 m Libre Masculino 2015	12. 100 m Costas Masculino 2015
4. 50 m Libre Feminino 2015	13. 100 m Costas Feminino 2015
5. 100 m Costas Masculino 2014	14. 100 m Braza Masculino 2014
6. 100 m Costas Feminino 2014	15. 100 m Braza Feminino 2014
7. 100 m Estilos Masculino 2015	16. 100 m Libre Masculino 2015
8. 100 m Estilos Feminino 2015	17. 100 m Libre Feminino 2015
9. 4 x 50 m Estilos Mixto	18. 4 x 50 m Libre Mixto

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculino: Nacidos nos anos 2015 e 2014
 - b) Feminino : Nacidas nos anos 2015 e 2014
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participar.
3. Cada nadador poderá participar nun máximo de 2 probas individuais e as remudas.
4. Cada club poderá inscribir 2 nadadores por proba.

5. Cada club poderá inscribir 2 equipos de remudas.

6. Admitiranse baixas, cambios de nadadores e composicións de remudas até 45 minutos antes do inicio da sesión. Os cambios de nadadores realizaranse previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba. O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas na mesma sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través do XESDE e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xere en formato PDF.

2. As inscricións para o campionato deberán estar en mans da FEGAN 7 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición velar pola súa recepción.

3. Os nadadores para cambios ou que só participen en remudas tamén deberán inscribirse a través do Xesde, para elo empregarse a opción de inscrición de reservas.

4. Xunto coa inscrición incluíranse no correo electrónico as composicións das remudas. O día da competición admitiranse cambios por baixas.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.

2. Puntuarán os 16 primeiros clasificados en cada proba individual e en cada proba de remudas.

3. A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

4. A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6. Resultados e clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

7. Títulos e premios

1. Entregarase un trofeo ao club que acade a maior puntuación, segundo o apartado c) do punto 6.1 deste regulamento, proclamándose Campión da Copa Galega Benxamín.

2. Entregaranse medallas a todos os integrantes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, xullo 2024